



# “VIDEOPODCAST DA OBRA DE UXÍO NOVONEYRA”

## PROXECTO DE INNOVACIÓN EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



## **1. Xustificación do proxecto a partir da situación sociolingüística do centro.**

Á vista dos resultados das enquisas elaboradas o pasado curso tomándonos como referente a totalidade da nosa comunidade escolar vemos que en case todos os casos a L1 do noso alumnado é a galega. Son casos puntuais de alumnado procedente da emigración os que teñen como L1 o castelán non sendo o caso dunha incorporación tardía ao sistema educativo dun alumno con lingua inicial árabe pero xa cunha óptima competencia nas dúas linguas oficiais ou o dunha alumna con lingua inicial romanese e escasa competencia -ata o momento- en galego e castelán. De por parte, comeza a haber unha ruptura en casos moi concretos da transmisión xeracional entre o alumnado de educación infantil que se resollen favorablemente dado que no noso centro a lingua galega aínda é un factor de socialización. Considerándonos esta situación que queda reflectida no Proxecto Lingüístico do noso centro o meirande esforzo normalizador sitúase na eliminación de prexuízos para facermos posible que o noso alumnado non abandone a lingua unha vez que deixa o noso centro. Por esta razón presentamos este proxecto que pretende, entre outros obxectivos que máis adiante se detallan, facer ver ao noso alumnado que a lingua galega é unha lingua de futuro, compatible coas novas tecnoloxías e perfectamente válida e útil para viviren o mundo que lles tocou.



---

Por outra banda, o noso centro, logo de varios anos con proxectos de formación que deron como resultado a elaboración de vídeos didácticos (varios deles recoñecidos con premios da Sociedade da Información), proxectos de elaboración de páxinas web, tamén premiados, e a formación específica en edición de vídeo e uso da plataforma Moodle, do programa EXE ou o emprego da aula virtual pensamos que acadamos a madurez suficiente para acometer un proxecto como o que agora presentamos.

### **Referentes legais.**

Este proxecto, coordinado desde o ENDL, apóiase nos seguintes puntos do Plan Xeral de normalización:

- Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Alcanzar un uso maioritario do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.
- Lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego e repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.
- Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.



- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.

Así mesmo temos en conta o Decreto 133/2007 que regula a ESO en Galicia establece que como obxectivo desta etapa os seguintes:

- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.

As alíneas anteriores constitúen dous dos eixos vertebradores da poesía de Uxío Novoneyra.

En resumo, cómprenos actuar sobre os prexuízos lingüísticos e actitudes negativas cara á lingua xa que nun contexto coma o do noso centro, no que o galego se atopa socialmente normalizado é o punto no que se debe incidir para a futura consolidación da L1 noutros ámbitos e etapas do noso alumnado. Ademais, debemos ofertar materiais didácticos en galego, en soportes diversos, pero con especial atención ao formato dixital, que contribúan a mellorar o ensino, tal como se recolle tamén no Plan Anual do noso ENDL.



## **2. Obxectivos que se pretenden alcanzar.**

- Ofrecer á comunidade escolar de toda Galicia unha parte da obra de Uxío Novoneyra, a quen se lle dedica o próximo Día das Letras Galegas, nun formato dixital atractivo, fácil de usar e ao alcance da meirande parte dos escolinos.
- Implicar a maior parte do alumnado e profesorado de todas as etapas do noso CPI nun proxecto colaborativo que, a partir dun centro de interese, vai traballar diversas partes do currículo.
- Implicar asociacións do noso contorno na elaboración do proxecto.
- Identificar o galego coas novas tecnoloxías e facer ver á comunidade educativa que a nosa é un lingua de futuro.
- Tomar como pretexto a obra dun autor fortemente comprometido coa lingua para o traballo sobre prexuízos lingüísticos.
- Facer que o noso alumnado visualice o feito de que a obra de Uxío Novoneyra é universal dende a lingua galega e conseguir, deste xeito, alumnos conscientes da realidade sociolingüística de Galicia.
- Achegar o noso alumnado ao xénero poético dende un autor que amosa unha realidade próxima ao contorno no que se sitúa o noso centro.
- Iniciar o alumando participante no recitado de poemas.
- Implicar o alumnado participante na toma de decisións sobre o desenvolvemento do proxecto que fomente a súa creatividade e iniciativa persoal.



- 
- Aprender a tratar a información fomentar a competencia dixital para adquirir coñecementos e destrezas para a procura e selección de información relevante de acordo con diferentes necesidades que se vaian presentando no proxecto.
  - Contribuír ao desenvolvemento da competencia dixital mediante o uso neste proxecto dos novos medios de comunicación dixitais que implican un uso social e colaborativo.
  - Contribuír ao desenvolvemento da competencia cidadá do alumnado participante e destinatario do resultado final do proxecto, considerada aquela como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas. Neste sentido escolleranse varios textos de Novoneyra especialmente valiosos polo seu contido cívico, de aproximación a outras realidades e de solidariedade cos máis desfavorecidos.
  - Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas: poesía, cine, fotografía, plástica e música.
  - Iniciar o alumnado participante na gravación e edición en vídeo.



### **3. Desenvolvemento do proxecto: proposta metodolóxica, actividades e contidos.**

A proposta metodolóxica na que se basea este proxecto pretende combinar e optimizar os espazos e recursos do centro cos recursos humanos cos que conta neste momento, xa que dispoñemos dun equipo docente cunha cualificación en materia dixital idónea para levar a cabo os obxectivos propostos.

#### **3.1 Creación da Comisión do proxecto de innovación en normalización lingüística.**

O CPI dos Dices conta cunha tradición de traballo en equipo dende practicamente a súa creación. Deste xeito o traballo en comisións que se ocupan de diversos aspectos curriculares ou actividades complementarias e extraescolares é un método de traballo que xa temos consolidado. Aínda que o proxecto se coordina dende o ENDL procedemos á creación da Comisión o proxecto de innovación en normalización lingüística, formada polos seguintes membros:

-Xosé Duyos, Coordinador TIC.

-Javier Méndez Zunzunegui, xefe do Departamento de Tecnoloxía e Coordinador TIC.

-Susana Rodríguez Alemparte, xefa do Departamento de Plástica e Visual.

-Julio Rodríguez Taboada, xefe do Departamento de Matemáticas e encargado de mantemento da páxina web.

-Dolores Santos Álvarez, xefa do Departamento de Música.

-Xosé González Citoula, coordinador do 3º ciclo de Educación Primaria e membro do ENDL



---

-Laura Rodríguez Pedrares, alumna de 2º ciclo da ESO e membro do ENDL.

-Fátima González, vogal da Asociación Chorima.

-Martín Agrasar, profesor da Asociación Chorima.

-Luís Gómez Aldegunde, coordinador do ENDL e coordinador do Proxecto.

Esta comisión será a encargada da formación dos grupos de traballo, da secuenciación do mesmo e da avaliación do proxecto.

### **3.2. Formación dos grupos.**

Nunha primeira fase, a través dos titores das tres etapas educativas que se imparten no noso centro, informarase o alumnado e abriase o proxecto á súa participación.

### **3.3. Grupo de audio e vídeo.**

Os coordinadores TIC crearán un grupo de traballo con alumnos e alumnas de 2º ciclo da ESO aos que lles fornecerán os coñecementos imprescindibles para a utilización dos equipos de audio, vídeo e fotografía.

### **3.3. Achegamento á obra de Novoneyra.**

Os membros da Comisión do proxecto de innovación, os membros do ENDL e o alumnado da ESO participante no proxecto farán unha lectura da obra poética de Uxío Novoneyra, seleccionarán os textos que mellor se axusten aos obxectivos establecidos no punto anterior e delimitarán o número dos que formarán parte dos videopodcast. Neste punto traballarase os textos que revelan a Novoneyra como un poeta universal cunha obra feita en galego, un home en harmonía cun



ecosistema que marca o seu labor poético, solidario cos que sofren a historia, que presenta a poesía como a gran verdade do mundo e que concibe o labor do poeta como o do home que debe marchar á fronte dun pobo.

A base do proxecto serán as composicións de *Os Eidos*, aínda que tamén se considerarán outros textos do autor.

### **3.4. Gravación de exteriores.**

Un grupo formado por profesorado da Comisión e alumnado da ESO trasladarase ao Courel para a gravación das localizacións de exteriores que sirvan de fondo aos videopodcast procurando a localización precisa cando apareza explícita no poema.

### **3.5. Recitado e gravación das voces en off para os videopodcast.**

Alumnado, preferentemente das tres etapas educativas, poñerá a voz ás imaxes gravadas mediante o recitado dos textos seleccionados. Algúns deles serán interpretados e musicados en colaboración coa Asociación Chorima.

### **3.6. Selección da banda sonora.**

A xefa do Departamento de Música dirixirá e seleccionará, en colaboración cun grupo de alumnos e alumnas a banda sonora dos videopodcast, que se elaborará, preferentemente, a partir de composicións baixo licenza GPL.



### **3.7. Edición de imaxe e son e xeración dos videopodcast.**

Os coordinadores TIC, o coordinador do ENDL e o alumando do grupo de audio e vídeo, unha vez conseguido o software axeitado editarán as imaxes e xerarán os videopodcast de cada poema.

### **4. Utilización de recursos do centro en beneficio do proxecto.**

O noso centro foise dotando ao longo dos cursos precedentes do material necesario par un proxecto coma este. Neste momento contamos con dúas cámaras fotográficas cunha resolución de 2 Mpx., tres videocámaras capaces de rodar en alta definición, un micrófono Rode con pértega e un estabilizador de cámara. Ademais contamos cun computador iMac suficiente par editar esas imaxes. Para unha edición óptima dos videopodcast só sería necesaria a adquisición da Suit Final Cut Pro xa que para o tratamento do audio cómpre a aplicación Sountrack Pro para un tratamento solvente dos arquivos de audio.

### **5. Colaboración con institucións do contorno.**

Este proxecto farase en colaboración coa asociación de música tradicional Chorima, coa que o ENDL xa traballou en programas anteriores. A súa presidenta forma parte da comisión do proxecto e varios dos/das integrantes desta asociación que, asemade, son alumnos/as do noso CPI poñerán música e interpretarán varios dos poemas seleccionados.



## **6. Plan de avaliación.**

A Comisión do proxecto de innovación será tamén a que faga o seguimento, a que marque os prazos e a avaliación do mesmo. A avaliación do proceso farase nas reunións que se celebrarán mensualmente ou cando o coordinador o requira. Durante o proceso avaliarase o grao de consecución de consecución de cada un dos obxectivos detallados no punto 2. Malia esta avaliación e seguimento das distintas fases, a verdadeira avaliación virá determinada pola recepción, a utilidade e o uso que ao resultado final do proxecto se lle dea dende que se poña a disposición de todos e todas a través de Internet. Ademais, unha valoración do proxecto ha figurar como anexo nas memorias do Plan TIC e do ENDL do centro e terá un espazo na revista escolar Xolda.

## **7. Difusión do proxecto.**

Como xa se apuntou na alínea anterior, os videopodcast difundiranse a través da rede dende a páxina web páxina web do centro, onde os coordinadores TIC habilitarán unha ligazón para que poidan ser descargados por todos os interesados e reproducidos en calquera lector portátil, nas aulas de informática dos centros, a través de canón de vídeo ou de pizarra dixital.

En Rois, a 9 de outubro de 2009

O Coordinador, Luís Gómez Aldegunde.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CPI dos Dices**

Os Dices, s/n  
15911 Rois (A Coruña)  
Tlf.: 981/804.270 Fax: 981/800.064  
e-correo: [cpi.dos.dices@edu.xunta.es](mailto:cpi.dos.dices@edu.xunta.es)

---